

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

RESOLUCIÓN do 27 de decembro de 2017 pola que se publica o Plan de formación para o ano 2018.

A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no seu artigo 15, asígnalle á consellería competente en materia de administracións públicas a formación dos empregados públicos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico.

En concreto, esta función correspóndelle á Escola Galega de Administración Pública (en diante EGAP), de acordo co que se establece no artigo 3 da súa lei de creación (Lei 4/1987, do 27 de maio), onde se estende a dita función ao persoal doutras administracións públicas, coa excepción do persoal docente e sanitario.

En tal sentido, o Plan de formación da EGAP recolle as actividades formativas dirixidas ao persoal ao servizo da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, ao persoal das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, ao persoal ao servizo da Administración de xustiza de Galicia, ao persoal ao servizo das entidades locais de Galicia e ao persoal de administración e servizos (PAS) das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

O plan integra as accións estratéxicas para a formación e a actualización profesional do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma, a través dunha oferta ampla e variada coa que mellorar a súa cualificación e capacitación profesional. O feito de aglutinar a formación destinada aos distintos colectivos nun único instrumento responde á necesidade de dotar de unidade e coherencia o conxunto da acción formativa.

A EGAP presenta un plan de formación que contén accións formativas de carácter transversal e específico. As primeiras teñen por obxecto ofrecer un currículo básico horizontal orientado a capacitar o alumnado para o desenvolvemento das funcións que son xenéricas e que constitúen as bases da organización da Administración. Doutra banda, as específicas comprenden o conxunto de actividades cuxo obxectivo está directamente relacionado coa adaptación permanente ao posto de traballo, incluíndo contidos sectoriais relativos a competencias concretas.

O plan volve apostar este ano polas diferentes contornas de aprendizaxe e metodoloxías, mediante a distribución da oferta formativa nas modalidades de autoformación,



teleformación e docencia presencial. Así pois, a pluralidade de formatos, modalidades e metodoloxías constitúe outra das liñas distintivas do plan, que ten o obxectivo de facilitar a formación continua do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia, ao eliminar calquera posible barreira no acceso e ao promover a conciliación da vida laboral e familiar.

A EGAP continúa a potenciar o seu espazo virtual de coñecemento, cunha formación en liña mediante a cal o alumnado poida xestionar o seu proceso de aprendizaxe. A aposta pola teleformación e a autoformación garante a equidade no acceso aos contidos máis demandados e permite ademais acreditar as competencias mediante a realización dunha proba voluntaria.

Por outra banda, para a elaboración do plan tivéronse en conta as necesidades formativas dos diversos organismos, contando coa participación das distintas consellerías da Xunta de Galicia, da Dirección Xeral de Xustiza, da Dirección Xeral de Administración Local e das tres universidades do Sistema universitario de Galicia. Ademais, contouse coa colaboración das persoas responsables de coordinar a formación en cada un dos centros directivos, e tamén de docentes e expertos nos distintos campos formativos. Incorporáronse tamén achegas dos propios destinatarios da formación, os cales, a través das súas valoracións e suxestións, contribúen a facer do plan un verdadeiro instrumento para a mellora continua do sector público de Galicia.

Así mesmo, na súa configuración, tívose en conta a demanda real rexistrada nos cursos e os resultados da avaliación das actividades desenvolvidas nos anos anteriores. Grazas a esta avaliación permanente dos plans formativos é posible deseñar unha programación formativa de calidade e verdadeiramente adecuada ás necesidades e expectativas das persoas que acceden á formación.

O plan quere ser un instrumento que permita a actualización de coñecementos e que incorpore aquelas novidades legislativas ou de funcionamento que poidan permitir unha mellor prestación de servizos por parte das administracións públicas. Para conseguir este obxectivo, procedeuse a unha revisión profunda dos contidos e a unha diversificación da oferta formativa, coa incorporación de cursos novos.

Ademais dos contidos, o Plan formativo para o ano 2018 presenta importantes novidades no que respecta á súa configuración e deseño. Entre elas cómpre destacar que, por primeira vez, se efectuará unha oferta formativa conxunta para o persoal ao servizo da



Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional.

Por primeira vez tamén todos os colectivos poderán acceder á formación enmarcada no portal de idiomas, no plan ofimático e no programa de autoformación, que constitúen tres dos alicerces vertebradores do Plan formativo da EGAP. Deste xeito, garántese que todas as persoas destinatarias do plan formativo, con independencia da Administración a que pertencen, poidan acceder a esta formación de carácter transversal, que é precisamente a que concentra a maior demanda. Con isto, ademais de ampliar a oferta formativa, procúrase unha xestión máis eficiente desta e unha maior racionalización no que respecta á cobertura das prazas.

Outra novidade importante para este ano, coa que se dá resposta a unha reiterada demanda do alumnado, é a descentralización das probas de avaliación das actividades enmarcadas no plan ofimático e no programa de autoformación. Con este cambio, a EGAP quérelle facilitar ao conxunto do persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia o acceso á formación.

Polo demais, cómpre salientar que esta resolución ten carácter informativo e que a execución das accións recollidas nela queda condicionada á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente e ao que se estipule en cada convocatoria. Así mesmo, débese advertir que quedan excluídas as actividades derivadas de cursos selectivos, os cursos superiores, as actuacións en colaboración, as xornadas, conferencias, seminarios e cursos monográficos, as actividades doutras administracións públicas (agás as sinaladas) e as actividades de formación do persoal docente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do persoal sanitario e do persoal das forzas e corpos de seguridade.

Feitas estas advertencias, resta só sinalar que para acceder ás accións formativas recollidas neste plan será preciso formalizar a correspondente matrícula, logo de que se publiquen no *Diario Oficial de Galicia* as correspondentes convocatorias.

Este plan de formación foi aprobado polo Consello Reitor deste organismo autónomo en sesión do día 27 de decembro de 2017.

De acordo co exposto, publícase como anexo a esta resolución o Plan de formación para ao ano 2018 do persoal ao servizo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da Administración institucional (FC), do persoal ao servizo das entidades locais (LO), do persoal ao servizo da Administración de



xustiza de Galicia (FX), do persoal de administración e servizos (PAS) das universidades galegas (UN), e o portal de idiomas (PI), o plan formativo ofimático de Galicia (OF) e o programa de autoformación (AF), dirixido a todos os destinatarios mencionados.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2017

Sonia Rodríguez-Campos González
Directora da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO
Cursos da Administración autonómica

Formación en materias transversais.

Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas				
A protección do menor ante os medios de comunicación	1	50	30	Teleformación
A responsabilidade patrimonial da Administración pública	2	100	30	Teleformación
A transparencia da Administración e bo goberno (normativa estatal e autonómica).	2	100	25	Teleformación
A xurisdición contencioso-administrativa	1	50	25	Teleformación
Aplicacións das matemáticas financeiras no sector público	1	25	25	Presencial
Aspectos básicos da xestión do persoal: a función pública de Galicia	3	150	25	Teleformación
Básico de subvencións e normativa aplicable	1	50	30	Teleformación
Contratación estratéxica	1	50	35	Teleformación
Curso básico de Seguridade Social	2	100	30	Teleformación
Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	2	100	20	Teleformación
Fiscalidade e contabilidade das fundacións públicas	1	25	25	Presencial
Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	1	50	18	Teleformación
Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	2	100	20	Teleformación
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	2	100	20	Teleformación
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	2	100	25	Teleformación
Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	1	50	20	Teleformación

CVE-DOG: jzn3gq5-4na3-3yc7-bb04-p11jxaplxwo8



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Liquidación práctica dos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia	1	25	25	Presencial
Nóminas e retribucións do persoal	1	50	25	Teleformación
Novidades na regulación da contratación no sector público: aspectos prácticos	1	20	21	Presencial
O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral	2	100	20	Teleformación
O procedemento sancionador tras a Lei 39/2015 e a Lei 40/2015, do 1 de outubro	1	50	20	Teleformación
O réxime xurídico do silencio administrativo na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común	1	30	12	Presencial
Obradoiro práctico de IRPF	1	25	25	Presencial
Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma. Tributos propios e tributos cedidos	1	25	25	Presencial
Principios de boa regulación no ámbito normativo estatal e autonómico	1	30	20	Presencial
Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público	2	100	25	Teleformación
Regulación legal do acoso escolar (<i>bullying</i>)	1	50	30	Teleformación
Réxime disciplinario do persoal empregado público de Galicia	1	50	15	Teleformación
Transparencia e acceso á información pública	1	25	18	Presencial
Xestión de indemnizacións por razón de servizo na Administración autonómica	1	50	25	Teleformación
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios				
Cooperación transfronteiriza e cohesión	1	50	24	Teleformación
Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	1	50	24	Teleformación
Introdución ao dereito da UE para os xestores públicos	1	50	30	Teleformación
Os dereitos sociais no ordenamento europeo	1	30	30	Presencial
Simplificación administrativa: pautas e directrices europeas	1	50	30	Teleformación
Xestión de proxectos I+D+i no horizonte 2020	1	50	30	Teleformación
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades				
A calidade da redacción administrativa. Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	4	200	20	Teleformación
A xestión de conflitos na atención á cidadanía	1	30	20	Presencial
Atención á cidadanía	4	200	25	Teleformación
Autocad 2016-Nivel básico	1	25	35	Presencial



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Cambio e motivación nas organizacións	1	50	15	Teleformación
<i>Coaching</i> , a ferramenta para o cambio	1	25	30	Presencial
Como deseñar presentacións eficaces	1	50	20	Teleformación
Como traballar a educación emocional infantil	1	30	15	Presencial
Comunicación escrita e elaboración de informes	5	125	20	Presencial
Destrezas lingüísticas para a redacción de textos na web	1	25	30	Mixta
Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano	1	50	30	Teleformación
Ergonomía en traballo de oficina e riscos ergonómicos	1	50	12	Teleformación
Estratexias para a eliminación de estereotipos de xénero no exercicio da actividade profesional.	1	30	20	Presencial
Faite entender: a comunicación positiva e a arte de ler entre liñas	1	30	15	Presencial
Ferramentas e técnicas para falar mellor en público	1	20	15	Presencial
Iniciación ao protocolo	2	100	20	Teleformación
Liderado e intelixencia emocional	1	20	15	Presencial
Manual de estilo do DOG e outras publicacións institucionais	1	50	20	Teleformación
Negociación e traballo en equipo	1	35	25	Mixta
Organización e simplificación do traballo administrativo	1	50	12	Teleformación
Pensamento analítico e creatividade	1	25	12	Presencial
Prevenção e xestión de conflitos	1	50	25	Teleformación
Produtividade persoal co método GTD (Getting Things Done) e a súa relación coas TIC	1	25	15	Presencial
Redacción de proxectos de lei, decretos e outros textos normativos	1	25	20	Presencial
Técnicas de reunións eficaces	1	25	12	Presencial
Técnicas elementais de arquivos	2	100	25	Teleformación
Técnicas para a mellora da comunicación. Relacións co cidadán. Uso da linguaxe xestual e corporal	1	25	15	Presencial
Xestión de persoas: mando, xestiono, lidero e dirixo	1	25	12	Presencial
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa				
Certificado dixital	3	150	30	Teleformación
Correo electrónico corporativo	3	150	12	Teleformación
Esquema nacional de seguridade para responsables de servizos e da información e coordinadores de seguridade	1	50	20	Teleformación
Factura electrónica	1	25	20	Presencial



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Informática básica	1	25	30	Presencial
Iniciación á Administración electrónica. Seguranza da información e protección de datos	2	100	20	Teleformación
O teletraballo no sector público de Galicia	2	40	12	Presencial
Sistema de xestión de recursos humanos da Xunta de Galicia	2	100	20	Teleformación
Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	1	50	50	Teleformación
Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	1	50	50	Teleformación
Lingua galega				
Medio de linguaxe administrativa galega	1	25	75	Presencial
Medio de linguaxe administrativa galega	8	200	75	Teleformación
Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego	2	100	15	Teleformación
Superior de linguaxe administrativa galega	2	50	75	Presencial
Superior de linguaxe administrativa galega	11	275	75	Teleformación
Presidencia da Xunta de Galicia				
Axencia Turismo de Galicia				
A calidade como elemento de fidelización e garantía na contratación de servizos turísticos	1	30	15	Presencial
A contratación a través da rede de servizos turísticos: problemas derivados dela	1	30	15	Presencial
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)				
Procedementos, estándares e ferramentas TIC da Amtega	1	25	50	Mixta
Soporte TIC do posto de traballo corporativo	1	50	25	Teleformación
Secretaría Xeral para o Deporte				
Avaliación da condición física saudable: valorar para prescribir actividade física, exercicio físico e deporte	1	25	15	Presencial
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza				
Actualización en materia de tráfico e seguridade viaria	1	15	12	Presencial
Condución segura	1	24	9	Presencial
O laboratorio forense. Investigación criminal na morte súbita.	1	35	12	Presencial
Secretaría Xeral de Igualdade				
A trata de seres humanos con fins de explotación sexual: a nova escravitude do século XXI	1	50	21	Teleformación
Formación básica en igualdade de xénero nas administracións públicas	2	100	20	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Formación básica en materia de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	2	50	21	Presencial
Igualdade de xénero: perspectiva xurídica	1	25	21	Presencial
Violencia de xénero	1	30	21	Presencial
Asesoría Xurídica Xeral				
Novidades na regulación da contratación no sector público: aspectos prácticos	1	20	21	Presencial
Servizo de Prevención de Riscos Laborais				
Os primeiros auxilios	3	150	20	Teleformación
Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	1	50	25	Teleformación
Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos	3	150	15	Teleformación
Prevención de riscos laborais nas actividades agroforestais, mantemento e conservación de infraestruturas en espazos abertos	1	50	20	Teleformación
Prevención de riscos laborais para o persoal responsable dos centros de traballo da Xunta de Galicia	1	25	15	Presencial
Prevención de riscos laborais. Primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación	4	100	12	Presencial
Consellería de Facenda				
Aproveitamento da información estatística dispoñible no IGE. Introducción ao software libre R	1	50	30	Teleformación
Certificación de Feder, FSE e POEX nos sistemas de información	2	30	12	Presencial
Nova aplicación de axuda á liquidación do imposto de sucesións (ALISE)	1	20	12	Presencial
O programa operativo Feder Galicia 2014-2020: xestión e control	1	35	30	Presencial
O Sistema de información contable e de tesouraría (Xumco). Usuario avanzado	1	15	18	Presencial
O Sistema de información de contratación pública da Comunidade Autónoma de Galicia	1	15	24	Presencial
O Sistema de información de nómina Breixo	1	15	21	Presencial
Operacións cofinanciadas polo PO FSE Galicia 2014-2020 e polo PO de emprego xuvenil 2014-2020	1	35	24	Presencial
Participa 1420	1	35	12	Presencial
Sistema de información analítica (SIAN): cubos tributarios, emprego de táboas dinámicas en Excel	1	15	12	Presencial
Sistema de información analítica (SIAN). Cubos económico-financeiros, emprego de táboas dinámicas en Excel	1	15	12	Presencial



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Sistema de información tributaria (Xeito)	1	15	25	Presencial
Sistema para o intercambio de información económica das entidades do sector público autonómico (Codex)	1	20	12	Presencial
Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio				
Análise de información territorial: casos aplicados á ordenación do territorio	1	25	30	Presencial
Básico de aplicador de fitosanitarios	1	30	27	Presencial
GIS para operadores urbanísticos	1	35	25	Presencial
Intervención administrativa no ámbito urbanístico	1	30	30	Presencial
O Sistema de información xeográfica da Xunta de Galicia	1	25	30	Presencial
Os UAV e a súa aplicación á xestión do territorio	1	30	30	Presencial
Sistema Tetra de comunicación	1	30	15	Presencial
Consellería de Infraestruturas e Vivenda				
A expropiación forzosa e as valoracións	1	35	20	Presencial
BIM, medidas de implantación nas administracións	1	35	20	Presencial
Consellería de Economía, Emprego e Industria				
Economía				
A Administración electrónica no ámbito de competencias do IGCC	1	30	15	Presencial
Análise do mercado de produtos innovadores	1	25	30	Presencial
As prácticas comerciais desleais	1	30	15	Presencial
Básico de xestión enerxética e mantemento de edificios públicos	1	30	27	Presencial
Os talleres de reparación de vehículos	1	20	12	Presencial
Emprego e Industria				
A economía social como fórmula para o emprendemento	1	35	30	Mixta
Auditoría interna dos sistemas de xestión da seguridade e saúde no traballo	1	25	15	Presencial
Cultura preventiva positiva	1	30	16	Presencial
Gamificación, serious games e novas tecnoloxías aplicadas á prevención de riscos laborais	1	40	12	Mixta
Promoción e prescrición da actividade física na empresa	1	30	12	Presencial
Seguridade baseada no comportamento (SBC) na prevención de riscos laborais	1	40	12	Mixta
Selección, utilización, mantemento e inspección dos útiles de elevación de cargas	1	25	15	Presencial
Xestión da idade: estratexias de intervención	1	30	12	Presencial



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Educación)				
Educación				
Atención educativa e coidado do alumnado con necesidades derivadas do trastorno por déficit de atención e hiperactividade TDAH	1	25	20	Presencial
Mellorando a convivencia nos centros de ensinanza: atención e coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	1	25	20	Presencial
O coidado do alumnado con necesidades derivadas de discapacidade motora	1	25	20	Presencial
O coidado do alumnado con necesidades derivadas de discapacidade sensorial	1	25	20	Presencial
O coidado do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo derivadas de trastornos xeneralizados do desenvolvemento - TXD	1	25	20	Presencial
Prevenção e coidados especiais en materia de saúde desde os centros de ensinanza	1	25	20	Presencial
Xestión das etapas de educación infantil e primaria (Lomce) a través da aplicación Xade	1	50	20	Teleformación
Xestión do persoal (docente e non docente) dun centro educativo a través da aplicación Xade	1	50	20	Teleformación
Cultura				
RDA (Resource Description and Access): unha nova filosofía para a catalogación	1	25	14	Presencial
Unha biblioteca facedora ou espazos Makers en bibliotecas	1	25	12	Presencial
Consellería de Política Social				
A intervención social grupal e comunitaria desde os centros sociocomunitarios: actuacións de prevención e de promoción social	1	25	20	Presencial
A Rede europea de servizos sociais. Os sistemas de servizos sociais en Europa. As achegas de boas prácticas de diversos países membros da rede	1	30	12	Presencial
Adestramento en habilidades sociais e de comunicación para a mocidade	1	20	20	Presencial
Autoprotección e contención educativa.	1	25	25	Presencial
Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Implicacións da lei nos efectivos de persoal do Sistema de servizos sociais dependentes da Administración autonómica	1	30	12	Presencial
Novas ferramentas no procedemento de valoración da discapacidade: IANUS, HSUE (Historia social única electrónica), sistema de interoperabilidade Pasaxe!	2	50	12	Presencial



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
O financiamento europeo destinado aos servizos sociais. As claves do financiamento, o seu procedemento e xestión	1	30	15	Presencial
O liderado na organización para o cambio de paradigma nos modelos de atención. Do modelo de servizos ao modelo centrado na persoa	1	25	25	Presencial
Prevención ao acoso á mocidade na internet. O ciberacoso (ciberbullying)	1	25	12	Presencial
Protección de datos nos centros de protección e nos destinados ao cumprimento das medidas xudiciais da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores	1	25	25	Presencial
Resolución de conflitos para a xestión positiva das diferenzas	1	25	24	Presencial
Sistema de información galego de atención á dependencia: novas funcionalidades, cálculo da capacidade económica e copagamento e dixitalización	1	30	16	Presencial
Toma de decisións no ámbito de protección á infancia: a mellor opción	1	25	25	Presencial
Violencia sexual contra a infancia	1	25	25	Presencial
Consellería do Medio Rural				
Actualización da formación do persoal que executa programas oficiais de control en materia de produción e benestar animal	1	35	20	Presencial
Actualización da formación do persoal que executa programas oficiais de control en materia de sanidade animal e rastrexabilidade	1	35	20	Presencial
Aplicacións dos sistemas de información xeográfica-ArcGIS (básico)	1	50	30	Teleformación
Certificación de sementes e o seu control. Acreditación para a inspección oficial de cultivos de produción de sementes e toma de mostras	1	25	30	Presencial
Controis sobre o terreo das axudas forestais	1	30	12	Presencial
Deseño e tratamento estatístico de ensaios agrarios cos paquetes informáticos: SAS, R, SPSS	1	30	30	Presencial
Formación de inspectores en sanidade vexetal	1	25	30	Presencial
Iniciación á xestión dos fondos europeos agrícolas Feaga e Feader	1	50	25	Teleformación
Manexo de técnicas e dispositivos de orientación básica	3	105	12	Mixta
O Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020: seguimento e avaliación	1	25	20	Presencial
O sector vinícola. Normativa reguladora. Procesos industriais e comercialización	1	35	25	Presencial



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
O Xumco na xestión orzamentaria da Dirección Xeral de Ordenación Forestal	1	25	30	Presencial
Tramitación ambiental dos procesos de reestruturación parcelaria	1	35	30	Presencial
Consellería do Mar				
Aspectos de control oficial na inspección pesqueira	2	60	12	Presencial
Básico de salvamento, contra incendios e primeiros auxilios enfocado a portos	2	60	12	Presencial
Comercialización no ámbito da inspección pesqueira	2	60	12	Presencial
Normativa pesqueira e de comercialización de produtos da pesca	1	50	30	Teleformación
Taxas e tarifas portuarias, cálculo e aplicación práctica	1	50	24	Teleformación
Tráfico, atestados, accidentes en solo portuario	2	40	30	Presencial
Consellería de Sanidade				
Acreditación hospitalaria en Galicia	1	25	20	Presencial
Aspectos prácticos da inspección de saúde pública: ámbito de sanidade ambiental	1	35	12	Presencial
Aspectos prácticos da inspección de saúde pública: ámbito de seguridade alimentaria	1	25	12	Presencial
Comercio electrónico de biocidas e produtos químicos	1	25	12	Presencial
Control oficial nos matadoiros	2	50	12	Presencial
Habilidades imprescindibles na relación co inspeccionado durante inspeccións sanitarias	1	25	20	Presencial
Inspección sanitaria en materia de produtos sanitarios. Actualización legislativa e experiencias prácticas durante inspeccións	1	25	15	Presencial
Cursos da Administración local				
Réxime xurídico e xestión das entidades locais				
Aplicación dos sistemas de información xeográfica no ámbito local	1	25	25	Presencial
As intervencións administrativas en materia de urbanismo no ámbito local	1	30	30	Presencial
As relacións de postos de traballo na Administración local	1	30	25	Presencial
Auditoría no sector público local	1	25	15	Presencial
Contabilidade pública local. Nivel I	1	25	20	Presencial
Elaboración de pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas na Administración local	1	50	30	Teleformación
Extinción e liquidación de entes municipais. Remunicipalización dos servizos locais	1	50	30	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Guías prácticas de exercicio da función interventora en pequenos e medianos concellos	1	35	30	Mixta
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	2	100	25	Teleformación
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	2	100	25	Teleformación
Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	1	50	20	Teleformación
Liquidación práctica dos tributos locais de Galicia	1	20	15	Presencial
Persoal laboral temporal na Administración local. Procedementos de consolidación de emprego e funcionarización	1	50	30	Teleformación
Responsabilidade patrimonial e procedemento sancionador. Especialidades no ámbito local	1	50	30	Teleformación
Simplificación administrativa e desburocratización no ámbito local	1	50	30	Teleformación
Xestión de tesouraría municipal	1	50	30	Teleformación
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades				
A calidade da redacción administrativa. Técnicas para melloralas.	1	50	18	Teleformación
Atención á cidadanía	1	50	25	Teleformación
Como deseñar presentacións eficaces	1	50	20	Teleformación
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	1	50	30	Teleformación
Modelos de comunicación cos residentes: como comunicarse cos residentes que presentan deterioración cognitiva	1	30	15	Presencial
Prevenção e xestión de conflitos	1	50	25	Teleformación
Técnicas elementais de arquivos	1	50	25	Teleformación
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa				
A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos	1	50	25	Teleformación
Certificado dixital	1	50	30	Teleformación
Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679	1	50	30	Teleformación
Tramitación electrónica integral no marco da Lei 39/2015	1	50	50	Teleformación
Lingua galega				
Medio de linguaxe administrativa galega	1	25	75	Teleformación
Redacción de documentos técnico-xurídicos en galego	1	50	15	Teleformación
Superior de linguaxe administrativa galega	1	25	75	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Cursos da Administración de xustiza				
Itinerarios formativos:				
Civil				
A custodia compartida nas crises matrimoniais	1	50	17	Teleformación
Módulo I. Execución civil; disposicións xerais	1	50	25	Teleformación
Módulo II. Execución civil: procedemento de constrinximento e trámites posteriores. Especialidades da execución hipotecaria	1	50	25	Teleformación
Modulo III. Procedementos civís: disposicións xerais e modalidades procesuais	1	50	25	Teleformación
Módulo IV. Xurisdición voluntaria	1	50	20	Teleformación
Módulo V. Concursal	1	50	20	Teleformación
Social				
Módulo I. Lexislación social I	1	50	25	Teleformación
Módulo II. Lexislación social II	1	50	25	Teleformación
Modulo III. A execución no proceso laboral	1	50	25	Teleformación
Contencioso				
Módulo I. Contencioso I	1	50	25	Teleformación
Módulo II. Contencioso II	1	50	25	Teleformación
Penal				
A prisión provisional como medida cautelar persoal no proceso penal	1	50	30	Teleformación
Módulo I. A actividade dos xulgados de garda: actuacións propias e alleas aos xulgados de instrución	1	50	20	Teleformación
Módulo II. Violencia de xénero e familiar. Tramitación	1	50	30	Teleformación
Módulo III. Execución penal. Análise das normas de aplicación. Guías de tramitación	1	50	25	Teleformación
Módulo IV. Actividades procesuais dos xulgados de instrución	1	50	30	Teleformación
Coñecementos xerais oficina xudicial e fiscal				
Atención ás vítimas do delito e información ao cidadán	1	50	30	Teleformación
Formación de usuarios formadores avanzados	1	25	50	Mixta
Organización de arquivos xudiciais e expurgación	1	50	25	Teleformación
Tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)				
Introdución ao expediente xudicial electrónico	1	50	30	Teleformación
Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos.	1	50	30	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Seguridade da información na Administración de xustiza en Galicia	1	50	30	Teleformación
Xustiza dixital	1	50	30	Teleformación
Coñecementos transversais				
Prácticas preventivas ante agresións para o persoal de atención ao público	1	50	25	Teleformación
Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos	1	50	15	Teleformación
Medicina forense				
Intervención do médico forense nos procedementos de negligencias profesionais: cuestións xurídicas e abordaxe metodolóxica	1	30	12	Presencial
O menor como vítima do delito	1	30	12	Presencial
Lingua galega				
Curso medio de linguaxe xurídica galega	1	25	75	Teleformación
Curso medio de linguaxe xurídica galega (persoal con destino fóra da Comunidade Autónoma de Galicia)	1	25	75	Teleformación
Curso superior de linguaxe xurídica galega	1	25	75	Teleformación
Curso superior de linguaxe xurídica galega (persoal con destino fóra da Comunidade Autónoma de Galicia)	1	25	75	Teleformación
Cursos das universidades galegas				
Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas				
Convenios, encargos a medios propios e encomendas de xestión na universidade	1	50	20	Teleformación
Curso básico de Seguridade Social	1	50	30	Teleformación
Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia	1	50	20	Teleformación
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	1	50	25	Teleformación
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	1	50	25	Teleformación
Modalidades contractuais recollidas no Estatuto dos traballadores e na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación	1	50	30	Teleformación
Os contratos do sector público	1	50	30	Teleformación
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades				
Atención á cidadanía	1	50	25	Teleformación
Como deseñar presentacións eficaces	1	50	20	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Ética profesional na Administración pública e calidade de servizo	1	50	25	Teleformación
Formación básica en xénero e igualdade nas administracións públicas	1	50	20	Teleformación
Prevenção de riscos laborais en oficinas e despachos	1	50	15	Teleformación
Prevenção e xestión de conflitos	1	50	25	Teleformación
Protocolo universitario	1	50	20	Teleformación
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa				
Certificado dixital	1	50	30	Teleformación
Creación e edición de arquivos dixitais con Acrobat XI Pro	1	50	25	Teleformación
Introdución á protección de datos persoais. Regulamento europeo 2016/679 de protección de datos	1	50	30	Teleformación
Seguridade da información no ámbito das universidades públicas	1	50	30	Teleformación
Seguridade dixital a nivel de usuario	1	50	30	Teleformación
Xestión intelixente das redes sociais nas administracións públicas	1	50	30	Teleformación
Lingua galega				
Medio de linguaxe administrativa galega	1	25	75	Teleformación
Superior de linguaxe administrativa galega	1	25	75	Teleformación
Bibliotecas				
Normativa de catalogación (RDA)	1	25	14	Presencial
Portal de idiomas				
Conversa en francés	1	15	50	Presencial
Conversa en inglés	2	30	50	Presencial
Conversa en portugués	1	15	50	Presencial
Lingua alemá. Nivel básico 1	1	75	70	Teleformación
Lingua alemá. Nivel básico 2	1	50	70	Teleformación
Lingua alemá. Nivel intermedio 1	1	25	70	Teleformación
Lingua alemá. Nivel intermedio 2	1	25	70	Teleformación
Lingua francesa. Nivel avanzado 1	1	50	150	Teleformación
Lingua francesa. Nivel básico 1	1	20	50	Presencial
Lingua francesa. Nivel básico 1	1	100	150	Teleformación
Lingua francesa. Nivel básico 2	1	75	150	Teleformación
Lingua francesa. Nivel intermedio 1	1	50	150	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Lingua francesa. Nivel intermedio 2	1	50	150	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel básico 2	5	100	50	Presencial
Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 1)	1	75	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel básico 1 (nivel 2)	1	75	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel básico 2	1	20	100	Presencial
Lingua inglesa. Nivel básico 2 (nivel 3)	1	75	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel básico 2 (nivel 4)	1	75	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel intermedio 1	5	100	50	Presencial
Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 5)	1	50	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 6)	1	50	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 7)	1	25	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel intermedio 1 (nivel 8)	1	25	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel intermedio 2	1	20	100	Presencial
Lingua inglesa. Nivel intermedio 2 (nivel 10)	1	25	50	Teleformación
Lingua inglesa. Nivel intermedio 2 (nivel 9)	1	25	50	Teleformación
Lingua portuguesa. Nivel básico 1	1	125	150	Teleformación
Lingua portuguesa. Nivel básico 2	1	75	150	Teleformación
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 1	1	25	150	Teleformación
Lingua portuguesa. Nivel intermedio 2	1	25	150	Teleformación
Lingua de signos	2	50	40	Presencial
Plan formativo ofimático de Galicia				
Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	5	250	50	Teleformación
Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2010)	2	100	50	Teleformación
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010)	2	100	50	Teleformación
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	7	350	50	Teleformación
Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office 2010)	2	100	30	Teleformación
Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	7	350	30	Teleformación
Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)	4	200	30	Teleformación
Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2010)	2	100	30	Teleformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux)	1	50	30	Teleformación
Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows)	6	300	30	Teleformación
Cursos de autoformación				
Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas				
A Administración electoral: o papel das administracións galegas	2	200	15	Autoformación
A reforma parlamentaria. Os cambios legais e regulamentarios	2	200	15	Autoformación
Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia	2	200	20	Autoformación
Formación básica en xénero e igualdade nas administracións públicas	2	200	20	Autoformación
Incompatibilidades do persoal empregado público de Galicia	2	200	18	Autoformación
Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia	2	200	20	Autoformación
Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia	2	200	20	Autoformación
Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas	2	200	25	Autoformación
Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público	2	200	25	Autoformación
Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social	2	200	20	Autoformación
Liquidación práctica dos tributos da Comunidade Autónoma de Galicia	2	200	25	Autoformación
O impulso democrático en Galicia: medidas legislativas	2	200	15	Autoformación
O persoal laboral ao servizo da Xunta de Galicia: V Convenio colectivo único de persoal laboral	2	200	20	Autoformación
Política orzamentaria e desenvolvemento normativo na Comunidade Autónoma. Tributos propios e tributos cedidos	2	200	25	Autoformación
Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto básico do empregado público (EBEP)	2	200	25	Autoformación
Réxime disciplinario do empregado público de Galicia	2	200	15	Autoformación
Unión Europea: políticas públicas e procedementos comunitarios				
Cooperación transfronteiriza e cohesión	2	200	24	Autoformación
Introdución á Unión Europea e ao seu dereito	2	200	24	Autoformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Introdución ao dereito da UE para os xestores públicos	2	200	30	Autoformación
O principio de subsidiariedade no dereito da Unión Europea, o seu control	2	200	15	Autoformación
O recurso por incumprimento e a responsabilidade das comunidades autónomas	2	200	20	Autoformación
Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades				
Básico en prevención de riscos laborais	2	200	50	Autoformación
Cambio e motivación nas organizacións	2	200	15	Autoformación
Diagnóstico do clima organizacional. A optimización do recurso humano	2	200	30	Autoformación
Linguaxe administrativa non sexista e imaxe igualitaria na práctica da xestión pública	2	200	30	Autoformación
Prevención de riscos laborais en oficinas e despachos	2	200	15	Autoformación
Prevención e xestión de conflitos	2	200	25	Autoformación
Técnicas elementais de arquivos	2	200	25	Autoformación
Técnicas para unha boa redacción dos documentos administrativos	2	200	15	Autoformación
Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa				
A calidade na Administración pública. Procesos e procedementos	2	200	25	Autoformación
Correo electrónico corporativo	2	200	12	Autoformación
Iniciación á Administración electrónica. Seguranza da información e protección de datos	2	200	20	Autoformación
Uso avanzado de aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	2	200	50	Autoformación
Uso avanzado de aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	2	200	50	Autoformación
Plan formativo ofimático de Galicia				
Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (LibreOffice Base)	2	200	50	Autoformación
Aplicacións informáticas de bases de datos relacionais (Microsoft Office 2010)	2	200	50	Autoformación
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft Office 2010)	2	200	50	Autoformación
Aplicacións informáticas de follas de cálculo (LibreOffice Calc)	2	200	50	Autoformación
Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office)	2	200	30	Autoformación
Aplicacións informáticas de tratamento de textos (LibreOffice Writer)	2	200	30	Autoformación



Nome do curso	Edicións	Prazas	Horas	Modalidade
Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (LibreOffice Impress)	2	200	30	Autoformación
Aplicacións informáticas para presentacións gráficas de información (Microsoft Office 2010)	2	200	30	Autoformación
Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (GNU/Linux)	2	200	30	Autoformación
Sistema operativo, busca da información: internet/intranet e correo electrónico (Windows)	2	200	30	Autoformación

